



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN DE OURENSE PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS E INMOBLES NECESARIOS PARA A REALIZACIÓN DE VARIAS ACTUACIÓNS NA IGREXA E MOSTEIRO DE SAN PEDRO DE ROCAS, EN ESGOS (OURENSE)

Santiago de Compostela,

01 AGO. 2018

REUNIDOS

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, actuando en representación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en virtude do seu cargo de conselleiro, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, así como o artigo 2º da Resolución de 8 de abril de 1991, pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia de 27 de marzo de 1991 sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

Doutra, José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación Provincial de Ourense con CIF P-3200000-B, que actúa en nome e representación da entidade local, de acordo co disposto no artigo 34.1.b da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladoras das bases de réxime local.

Ambas as partes teñen plena capacidade para levar adiante o presente convenio de cooperación e por tanto,

EXPOÑEN

Primeiro: Que a Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Segundo: Os apartados 1) e 2) do artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia establecen que as administracións públicas galegas axustarán as súas relacións aos principios de colaboración, cooperación, auxilio, coordinación e respecto aos correspondentes ámbitos de competencia, garantíndose a máxima eficacia nas xestións administrativas, podendo subscribir convenios de cooperación entre si, segundo o disposto no artigo 198 da mesma lei. Do mesmo xeito, o artigo 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, encomenda ás entidades que integran a Administración local a obriga de protexer, difundir e fomentar o valor cultural dos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial.



Terceiro: A igrexa rupestre do mosteiro de san Pedro de Rocas foi declarado Ben de Interese Cultural coa categoría de monumento.

O mosteiro de san Pedro de Rocas encóntrase próximo á Ribeira Sacra e destaca pola súa absoluta conxunción co medio xeográfico e natural onde se erixe. Ábrese sobre a foz do río Rebordoverde na cunca fluvial do río Miño nunha paraxe de afloramentos graníticos redondeados de gran espectacularidade.

É o vestixio máis antigo da vida eremítica que se conserva en Galicia e trátase tamén da única mostra de arquitectura rupestre que hai no territorio galego coa igrexa orixinal escavada baixo unha desas grandes rocas.

A proposta de intervención consiste en executar actuacións urxentes de restauración nas pinturas murais, así como unha serie de actuacións necesarias para a redacción do Plan Director co obxectivo de establecer o estado de conservación actual e definir as liñas de actuación de cara ao futuro, ademais de executar as actuacións de conservación que deriven del.

Cuarto: Á vista do anterior, faise necesario executar as seguintes actuacións na igrexa e no mosteiro de San Pedro de Rocas.

1. Redacción do Plan Director (que inclúe a redacción do proxecto arqueolóxico, do proxecto de actuacións urxentes e do proxecto de conservación e posta en valor).

O obxectivo do Plan Director (PD) é establecer o estado de conservación actual do ben e definir as liñas de actuación de cara o futuro no eido da súa conservación e das propostas para o seu desenvolvemento sustentable de xeito compatible cos seus valores culturais e de identidade.

O PD recollerá os estudos e propostas que avaliarán por un lado a perspectiva histórica, arqueolóxica, de conservación e restauración dos elementos artísticos, arquitectónica e espacial do monumento e contorno e, por outro, a perspectiva da súa conservación e xestión en relación a súa posta en valor e uso cultural dunha forma racional e sostible.

O PD describirá en primeiro lugar as características do monumento e as súas patoloxías construtivas e funcionais; definirá as condicións para o seu mantemento e as súas necesidades de conservación e restauración; finalmente analizará a potencialidade do monumento para o desenvolvemento organizado dunha proposta de usos compatible cos seus valores culturais que permita a súa axeitada posta en valor ao tempo que o convertan nun referente tanto social como económico da comarca.

2. Execución das escavacións arqueolóxicas, das obras de actuacións urxentes e das actuacións de conservación e posta en valor así coma os honorarios de Dirección de obra (DO), Dirección de Execución de obra (DEO) e Coordinación de Seguridade e Saúde (CSS).

Unha vez coñecida en detalle a problemática actual do monumento nas súas múltiples perspectivas e definidos nos correspondentes documentos técnicos os traballos prioritarios se executarán aquelas intervencións que o Plan Director programe como necesarias para atallar a patoloxía máis importante e garantir a correcta conservación do conxunto monumental, así como aquelas referidas á súa posta en valor e mellor aproveitamento cultural.

3. Restauración da pintura mural do arcosolio da igrexa

As pinturas murais foron obxecto dunha primeira fase de estudo no ano 2017 na que se levaron a cabo traballos de protección de capas polícromas, probas de consolidación e eliminación de





morteiros non orixinais e visitas de control durante o período de estudo, para valorar a eficacia dos tratamentos levados a cabo. O obxectivo é recuperar a estabilidade das pinturas murais, cuxo estrato orixinal está executado ao fresco e que amosan danos.

Se prevé que as actuacións rematen antes de xuño de 2021.

Por todo o exposto, as partes acordan subscribir un convenio de colaboración baseado nas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do Convenio

O obxecto do presente convenio de colaboración é regular as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da súa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e a Deputación de Ourense para a **posta a disposición dos terreos e inmobles necesarios para a execución de varias actuacións na igrexa e mosteiro de San Pedro de Rocas, en Esgos (Ourense).**

Para o desenvolvemento deste proxecto non é posible promover a concorrência pública, xa que as actuacións previstas e os resultados obtidos das ditas actuacións van evitar que o ben continúe deteriorándose e, polo tanto, impedirán que se produza unha perda irrecuperable para o patrimonio cultural galego.

Por outra banda, esta intervención está incluída no *Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia* da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro da medida *Conservación dos mosteiros, conventos, abadías, igrexas e patrimonio eclesiástico galego* do obxectivo operativo *Conservar o patrimonio cultural galego*.

Segunda.- Obrigas da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, dentro das liñas de actuación que en materia de protección, conservación e posta en valor do patrimonio cultural, están sinaladas no seu programa de obxectivos, realizará as actuacións oportunas para a execución das actuacións na igrexa e no mosteiro de San Pedro de Rochas, con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia en función das súas dispoñibilidades económicas e en consonancia co disposto nos artigos 1 e 3 do Decreto 246/1992 da Consellería de Economía e Facenda (DOG núm. 159 do 17 de agosto de 1992).

Terceira.- Obrigas da entidade titular do ben

Pola súa banda, a Deputación de Ourense, comprométese a autorizar a plena e libre dispoñibilidade dos terreos e inmobles necesarios a favor da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para que esta poida acometer a execución das actuacións obxecto do presente convenio. Esta libre dispoñibilidade será realizada, segundo o establecido no Decreto 246/1992, do 30 de xullo, da Consellería de Economía e Facenda. Tamén se compromete a poñer a disposición da consellería os datos e os resultados dos estudos sobre o BIC que está desenvolvendo na actualidade.





Ambas institucións se coordinarán no desenvolvemento dos traballos de investigación que se desenvolvan sobre o BIC.

Unha vez rematadas as obras, a entidade titular asumirá a xestión, mantemento e conservación dos inmobles dos que sexa titular. Para estes efectos, unha vez recibidas as obras pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, esta poñerá no seu coñecemento, entendéndose que a citada comunicación determina o nacemento das obrigas previstas nesta cláusula.

Cuarta.- Comisión Paritaria

Coa finalidade de asegurar o cumprimento do presente convenio, créase unha comisión mixta de seguimento e control, integrada por:

- Dous (2) representantes da Xunta de Galicia
- Un (1) representante da Deputación de Ourense

Quinta.- Resolución

O presente convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.

Sexta.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estará vixente ata a finalización das obras obxecto do mesmo.

En todo caso, a duración máxima prevista non poderá ser superior aos catro anos, salvo que normativamente estea previsto un prazo superior, de acordo co artigo 49 apartado h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

Sétima: Publicidade do convenio

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Asemade procederase á inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.



Oitava: Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Novena.- Réxime Xurídico

Este convenio ten natureza administrativa. As cuestións litixiosas xurdidas da aplicación do presente convenio, e non resoltas en vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade cos termos do presente convenio, as partes comparecentes asínano e rubricano por duplicado exemplar no lugar e data expresados.

O conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación
Universitaria,

Román Rodríguez González

O presidente da Deputación de Ourense



José Manuel Baltar Blanco